



Concello de Meaño

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, NA MODALIDADE DE CONTRATO FORMATIVO, NAS TITULACIÓNS DE ARQUITECTURA E TÉCNICO XESTION ADMINISTRATIVA. PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS.

BASES XERAIS

1.—Obxecto

1.1 As presentes bases regularán os aspectos comúns aos procesos selectivos que convoque o Concello de Meaño para a contratación laboral temporal, na modalidade de contrato formativo ao abeiro da axuda concedida pola Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 27/05/2022 ao Concello de Meaño como entidade colaboradora do proxecto “Primeira experiencia profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra 2022/2021 no marco do Plan de fomento da empregabilidade.

Titulacións das persoas a contratar:

- Titulación habilitante para o exercicio profesional da Arquitectura.
- Título de Técnico Xestión Administrativa. (Grao medio FP)

1.2 Os aspirantes seleccionados serán beneficiarios dun contrato formativo a xornada completa polo Concello de Meaño, ao abeiro da axuda concedida pola Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra de 27/05/2022 como entidade colaboradora no marco do programa de fomento da empregabilidade “ Primeira experiencia profesional” da Deputación Provincial de Pontevedra, que non suporá, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Deputación Provincial de Pontevedra .

A selección e a contratación realizarase, de acordo co establecido nas bases do programa de fomento da empregabilidade “ Primeira experiencia profesional” da Deputación Provincial de Pontevedra. (BOP nº 74 de 19/04/2022).

1.3 A contratación se realizará por un período de doce meses.

1.4 As retribucións brutas (incluídos tódolos conceptos e complementos salariais, e prorrata de paga extraordinaria) dos traballadores contratados polo Concello de Meaño ao abeiro do programa de fomento da empregabilidade “ Primeira experiencia profesional” da Deputación Provincial de Pontevedra, serán:

- Titulado en arquitectura: 1.866,94 € mensuais





Concello de Meaño

- Técnico Xestión Administrativa: 1.166,67 € mensuais,

2.—Normativa aplicable

Os procesos selectivos rexeranse polo establecido nestas bases xerais e nas correspondentes bases específicas. Serán tamén de aplicación, xunto con outras disposicións, a estes procesos:

- Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

- Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

- Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

- Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

- Real Decreto 896/1991, do 07 de xuño, polo que se establecen as Regras Básicas e Programas Mínimos do Procedemento de Selección dos Funcionarios da Administración Local.

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

- Real decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

- Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, resultan de aplicación as Bases do programa de fomento da empregabilidade “Primeira experiencia profesional” da Deputación Provincial de Pontevedra. (BOP nº 74 de 19/04/2022).

3.—Requisitos dos aspirantes:

3.1 Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán cumprir os requisitos xerais esixidos nos artigos 56 e 57 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ligado á praza á que se aspira.

d) Non ter sido separado do servizo de calquera Administración Pública, de órganos constitucionais ou





Concello de Meaño

estatutarios das Comunidades Autónomas mediante expediente disciplinario, nin acharse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, tanto para o acceso á función pública como para exercer funcións similares como persoal laboral sen que fose separado ou inhabilitado. No caso dos estranxeiros, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado de orixe, o acceso ao emprego público nos mesmos termos que os dos españois. E os que no seu caso establezan as bases específicas para as determinadas prazas.

3.2 Ademais dos anteriores requisitos , e de acordo co previsto nas bases do programa de fomento da empregabilidade “ Primeira experiencia profesional” da Deputación Provincial de Pontevedra. (BOP nº 74 de 19/04/2022):

- a) Estar en posesión da titulación universitaria ou título de grado medio ou superior de formación profesional ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional, e establecidas nas bases específicas para cada posto.
- b) Estar inscrito/a como demandante ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.
- c) Estar empadroados nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da convocatoria no BOPPO (19/04/2022)
- d) Que no momento da contratación non transcorresen máis de tres anos, ou máis de cinco cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.
- e) Que non obtivera experiencia profesional ou realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación que habilita esta contratación.
- f) Que non estean contratadas ou contratados en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplan contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.
- g) Non ter estado contratada na mesma ou distinta entidade en virtude da mesma titulación. Tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto aínda que se trate de titulacións distintas.

3.3 Os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e mantelos durante todo o proceso selectivo.





Concello de Meaño

4.—Preselección e presentación de solicitudes.

4.1 Para a preselección dos aspirantes aos contratos que o Concello de Meaño celebre ao abeiro do programa “ Primeira experiencia profesional” da Deputación Provincial de Pontevedra. (BOP nº 74 de 19/04/2022), o Concello de Meaño presentará na Oficina Pública de Emprego unha oferta de emprego por cada titulación a seleccionar.

Con carácter previo á formulación das ofertas ente a Oficina Pública de Emprego, o Concello de Meaño publicará no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web anuncio relativo ao perfil dos postos de traballo e os criterios de selección .

4.2 Presentada a oferta, o Servizo Público de Emprego levará a cabo a preselección das persoas candidatas segundo as titulacións dos postos a desempeñar a razón dun máximo de 5 candidatos por posto.

4.3 Os candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego que desexen participar nos procesos selectivos deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Meaño, sito na R/Campo da Feira nº 1(Meaño), no prazo que se lles indique polo Servizo Público de Emprego solicitude para tomar parte nestes procesos selectivos mediante instancia dirixida á Alcaldía.


4.4 A dita instancia deberán acompañar:

- fotocopia compulsada do DNI ou, no seu caso, do pasaporte ou de calquera outro documento acreditativo da nacionalidade.
- fotocopia compulsada da titulación académica requerida segundo o posto ao que opte.
- orixinais ou copias compulsadas dos méritos que aporta para a súa valoración na fase de concurso.
- orixinal informe de vida laboral actualizado.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente na data de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que sexan necesarios para valorar os méritos que se refiren.

4.5 Na solicitude deberá facerse constar expresamente a titulación para a cal se presenta.

4.6 Protección de datos. A efectos de cumprimento da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantías dos Dereitos Dixitais, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado polo Concello de Meaño para o desenvolvemento do proceso selectivo, e non poderán ser cedidos, podendo exercer o interesado ante o Concello os dereitos de acceso, rectificación,





Concello de Meaño

cancelación e oposición.

5.—Admisión de aspirantes.

5.1 Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará Resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos en cada proceso selectivo. Esta Resolución, será publicada no no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello .

5.2 Os/as aspirantes excluídos expresamente, e os que non figuren na relación de admitidos nin na de excluídos, disporán dun prazo único e improrrogable de DOUS (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios, na súa sede electrónica e na páxina web do Concello, para emendar o defecto que motivou a súa exclusión ou a non inclusión expresa.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido, será excluído do proceso selectivo con carácter definitivo. Pola súa parte, os/as aspirantes que detectaran erros na consignación dos seus datos persoais poderán manifestalo no prazo sinalado.

5.3 Rematado o prazo de emenda de defectos das solicitudes, publicarase no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello a resolución declarando aprobada a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo, xunto coa data de constitución do tribunal e de inicio dos traballos de valoración dos méritos alegados.

5.4 O feito de figurar na relación de admitidos non prexulgará que se lles recoñeza aos aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumpren algún dos requisitos, os aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

6.—Tribunais de selección.

6.1 Os Tribunais Cualificadores que xulgarán as probas selectivas serán nomeados pola Alcaldía, e estarán constituídos por un Presidente/a, un Secretario/a con voz e voto, e un mínimo de tres Vocais, así como os seus correspondentes suplentes, funcionarios ou persoal laboral fixo da administración local ou calquera outra Administración Pública.

Non poderán formar parte dos Tribunais o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou persoal laboral temporal, nin o persoal eventual.

Todos os membros deberán ocupar en propiedade unha praza para cuxo acceso sexa necesario posuír titulación de igual nivel ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.





Concello de Meaño

A participación nos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta allea. Os órganos de selección deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderán na súa composición á paridade entre homes e mulleres, salvo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas, en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; e no artigo 60.1 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

6.2 Cando existan dificultades técnicas ou de outra índole que o aconsellen, o Tribunal poderá incorporar aos seus traballos asesores especialistas para as probas e cos cometidos que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto. Así mesmo, os Tribunais poderán valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

6.3 O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, a lo menos, tres dos seus membros (titulares e/ou suplentes) e en todo caso, coa asistencia do/a presidente/a e do secretario/a.

6.4 O réxime xurídico aplicable aos Tribunais axustarase en todo momento ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e demais disposicións vixentes que lles sexan de aplicación. En caso de ausencia do Presidente e do seu suplente, o primeiro designará de entre os vocais un substituto que o suplirá. En defecto de designación, a substitución realizarase de conformidade do previsto no artigo 19.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.5 Os Tribunais adoptarán os seus acordos por maioría dos membros presentes en cada sesión. En caso de empate, resolverá o Presidente co seu voto.

Os acordos de calquera índole dos Tribunais poderán ser impugnados en alzada ante a Alcaldía. Os Tribunais continuarán constituídos ata non sexan resoltas as reclamacións presentadas ou as dúbidas que poida suscitar o proceso selectivo.

6.6 Os membros dos Tribunais, os asesores especialistas, e o persoal auxiliar deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran en eles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 01 de outubro; ou realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á mesma ou equivalente categoría á que corresponden as prazas convocadas, nos cinco anos





Concello de Meaño

anteriores á publicación da convocatoria de que se trate; e igualmente se colaborasen durante ese período dalgún modo con centros de preparación de opositores da categoría á que pertencen as prazas convocadas.

Na sesión de constitución do Tribunal, os membros formularán declaración de non atoparse incursos nenas circunstancias. Dita declaración deberá ser tamén formulada polos/as asesores especialistas e polo persoal auxiliar que o Tribunal incorpore aos seus traballos, así como polos observadores.

6.7 Os aspirantes poderán recusar aos membros dos Tribunais, aos asesores especialistas e ao persoal auxiliar cando ao seu entender concorran neles algunha ou varias das circunstancias sinaladas na base 6.6, seguíndose para elo o procedemento previsto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 01 de outubro.

6.8 Durante o desenvolvemento do proceso selectivo os Tribunais resolverán todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación das bases da convocatoria, e adoptarán os acordos que garanten a boa orde do proceso no non previsto expresamente por aquelas.

No caso de constatarse que algún dos aspirantes non reúne un ou varios dos requisitos, o Tribunal, previa audiencia ao interesado, deberá emitir proposta motivada de exclusión do procedemento selectivo á Alcaldía, comunicando as inexactitudes ou falsidades formuladas polo aspirante na súa solicitude de participación aos efectos pertinentes.

6.9 O/a Secretario/A de cada Tribunal levantará acta de todas as sesións nas que se farán constar as cualificacións, incidencias e votacións producidas. As actas deberán ser subscritas por todos os membros do Tribunal. As actas, numeradas e rubricadas, xunto cos exercicios e demais documentación, constituirán o expediente. Calquera aspirante poderá acceder ao expediente e obter copia dos documentos que o integren, nos termos recoñecidos pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

6.10 Os Tribunais quedarán incluídos na categoría que corresponda ao grupo de titulación ao que pertencen as prazas convocadas, conforme ao disposto no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7.—Sistemas de selección.

Os procesos de selección para a contratación laboral temporal, na modalidade de contrato formativo, realizaranse a través do sistema de concurso de méritos empregando o baremo establecido nas Bases do programa de fomento da empregabilidade “Primeira experiencia profesional” da Deputación





Concello de Meaño

Provincial de Pontevedra. (BOP nº 74 de 19/04/2022) e realizárase con arreglo aos seguintes criterios:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo R. D. 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo R. D. 1147/2011, de 29 de xullo, e de acordo co seguinte baremo:

- nota media entre 5,00 e 6,50.....1 punto
- nota media entre 6,51 e 8,00.....2 puntos
- nota media entre 8,01 e 9,503 puntos
- nota media entre 9,51 e 10,00.....4 puntos

No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non estea calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorárase con 0,00 puntos.

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido do posto: 2,00 puntos.

c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido do posto, 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto .

Non se valorarán aqueles masters universitarios que sexan necesarios para obter a habilitación para o exercizo profesional da arquitectura.

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato formativo: 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento).

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

- De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso.
- De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
- De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.
- De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.
- De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.





Concello de Meaño

- Por acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega co Celga 3 para ps postos de ciclo superior ou medio ou Celga 4 nos de licenciatura, grao ou diplomatura: 0,50 puntos.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada así como cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

No concurso unicamente se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente a través do Rexistro do Concello de Meaño no prazo que se lles indique polo Servizo Público de Emprego.

A puntuación final virá dada pola suma das puntuacións obtidas en cada un dos anteriores apartados.

As puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello.

8.—Puntuación final e lista de aprobados

8.1 Finalizado o proceso de selección, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello a relación de candidatos por orde decrecente de puntuación final acadada por cada posto de traballo ofertado.

8.2 O Tribunal declarará como aprobados e propondrá a contratación de aqueles/as aspirantes que obteñan a maior puntuación final, non podendo declarar como aprobados un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.

8.3 Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura cando se produzan renuncias de aspirantes inicialmente propostos ou contratados, segundo a praza a que opten, os Tribunais de selección formularán unha relación complementaria, por orde decrecente de puntuación final, a seguir do/da candidato/a proposto/a, de xeito que sirvan de bolsa de emprego no posto de que se trate.





Concello de Meaño

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos aos aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación que se refire na base seguinte.

8. 4 No caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. No caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

8.5. Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partires da súa publicación na páxina web para formular alegacións as puntuacións finais obtidas.

8.6. Rematado o prazo de alegacións e unha vez estudadas, de existir, as mesmas, o tribunal publicará as puntuacións finais por orde de maior a menor puntuación e as correspondentes propostas de contratación na modalidade de contrato formativo para cada posto de traballo ofertado.

9.—Presentación de documentos:

9.1 No prazo de 2 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación da proposta de contratación definitivamente formulada polo Tribunal no no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello, os aspirantes propostos aportarán no Concello os documentos que a continuación se relacionan:

a) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario no que fose separado ou inhabilitado.

Os nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non atoparse inhabilitados ou en situación equivalente nin ter sido sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso á función pública.





Concello de Meaño

- b) Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social.
- c) Informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.
- d) N° de conta bancaria, do que sexa titular, e que conste de vinte catro díxitos, no que haberá de figurar o código IBAN.

9.2 Quen dentro do prazo indicado no apartado 9.1, e agás os casos de forza maior, non presentase a documentación esixida nas bases da convocatoria, ou do exame da mesma deducítese que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

10.—Publicidade, comunicacións e incidencias.

10.1 A publicación de todas as resolucións e acordos que se diten no desenvolvemento de cada proceso selectivo realizarase a través do taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web municipal (www.concellodemeano.com).

10.2 Os aspirantes poderán dirixir á Alcaldía as comunicacións sobre incidencias relativas á actuación do Tribunal, así como as reclamacións, queixas, peticións ou suxestións sobre o proceso selectivo.


As reclamacións poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Meaño, sito na R/Campo da Feira nº 1(Meaño). Tamén poderán presentarse nos lugares e formas establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Co fin de axilizar trámites, os aspirantes que presenten reclamación en rexistro distintos ao do propio Concello de Meaño deberán anunciálo enviando ao fax 986747391, ou ao correo electrónico concellodemeano@concellodemeano.com.

11 .- Impugnación

As presentes bases e tódolos actos administrativos que das mesmas se deriven e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

BASES ESPECÍFICAS :TECNICO XESTION ADMINISTRATIVA.

1. Requisitos dos aspirantes: Ademais dos requisitos sinalados na base 3 das Bases Xerais :





Concello de Meaño

- Estar en posesión do título de Técnico Xestión Administrativa (Grao medio FP)

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

2. Tribunal de selección:

PRESIDENTE/A

D^a Isabel Amil Núñez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Meaño.

Suplente: M^a del Carmen Rey Romero, Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Meis.

SECRETARIO/A.- A Secretaria-Interventora do Concello de Meaño D^a M^a Teresa Escudero Barral,

Suplente : D^a M^a del Mar Pereira García, Técnico Medio Xestión do Concello de Meaño.

VOCAIS:

-D^a Cristina M^a García González, Informadora Xuvenil do Concello de Meaño.

-D^a Evangelina Vea Espiña, Arquitecta Técnica do Concello de Meaño.

-D^a Trinidad Lorenzo Lema, Administrativa do Concello de Meaño

Suplente: D^a Pilar Domínguez Panadero Traballadora Social do Concello de Meaño

BASES ESPECÍFICAS : ARQUITECTO/A

1. Requisitos dos aspirantes: Ademais dos requisitos sinalados na base 3 das Bases Xerais :

- Estar en posesión de titulación habilitante para o exercicio profesional da Arquitectura

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

2. Tribunal de selección:

PRESIDENTE/A

D. Antonio Vázquez Rosales, Arquitecto do Concello de Meaño,

Suplente: M^a del Carmen Rey Romero, Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de





Concello de Meaño

Meis.

SECRETARIO/A.- A Secretaria-Interventora do Concello de Meaño D^a M^a Teresa Escudero Barral.

Suplente : D^a M^a del Carmen Merino Moína, Secretaria-Interventora do Concello de Meis.

VOCAIS

-D. Antonio José Espinosa Murias, Arquitecto Concello de Cambados

-D^a M^a Carmen Carracela Rosales. Secretaria-Interventora Adxunta Concello de Meis

- D.Alberto Pensado Seijas, Técnico de Administración Xeral do Concello de Marin.

Suplente : M^a Jesus Iglesias Barreiro, Técnico de Administración Xeral do Concello de Marin.

Meaño, O Alcalde.

Carlos Viéitez Fernández.

Documento datado e asinado dixitalmente ao marxe

